

Hoxe imos ler un fragmento dunha novela:

Xulieta é unha rapaza da vosa idade. Si, si, da vosa idade. Nin un mes máis, nin un mes menos. Da vosa idade exactamente. Como é Xulieta non volo vou dicir. Díxenllo ao ilustrador e el entendeuno perfectamente. Así que xa sabedes, olládea nas páxinas ilustradas e coñeceredes a Xulieta fisicamente. A que é ben bonitiña?

Deixando a un lado os seus **trazos** físicos, direivos que Xulieta é un encanto. É unha rapaza **leda**, viva, inqueda. Vive cos seus pais nunha das casas máis antigas da vila. Era dos seus avós paternos. Inés, a súa nai, que é decoradora, arranxouna e **habítana** dende que ela tiña dous anos. Xulieta vén sendo todo o que vos dixeran antes, mais está moi soa. Ten a seus pais, si, mais séntese soa. Ten moitos compañeiros e moitas compañeiras, pero ela di que está soa.



A avoa Herminia vive con eles. É quen a coida. Máis ben, cóidanse. O malo é que a pobre muller ten os seus ósos **enferruxados**, móvese con dificultade, sempre está a **laiarse**, e, aínda que ambas as dúas se queren moito, non consegue manter conversas con ela.

Antonio García Teijeiro, *Verbas de sal*, Xerais, 2011.

Actividades

Responde estas preguntas na libreta de lingua:

- *Que tempo ten Xulieta?*
- *Como é Xulieta? Quen llo dixo ao ilustrador?*
- *Que caracteriza a Xulieta?*
- *Onde vive?*
- *Con quen non se dá comunicado Xulieta?*
- *Como se sente Xulieta?*

E xa sabes, para correxir envíamo a mestrademate@gmail.com